

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018



No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e tres de novembro do ano dous mil dezaoito, ás nove horas, reúñese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana María Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2018.**- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día catorce de novembro de dous mil dezaoito, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS (FEMP) CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.**- Con motivo do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller, o día 25 de novembro de 2018, a FEMP aproba unha declaración, que se transcribe a continuación:

*"Hace más de 30 años que, desde la Federación Española de Municipios y Provincias, como representante de los intereses y preocupaciones de las Entidades Locales, mostramos nuestro compromiso con los principios de igualdad, seguridad, libertad, integridad y dignidad inherentes a todos los seres humanos y, año tras año, manifestamos nuestra más absoluta repulsa ante cualquier forma de violencia e intimidación."*

*"En consecuencia, con motivo de la conmemoración del Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer, queremos dar voz a la perseverancia e*

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318



*incansable esfuerzo que las Corporaciones locales de nuestro país llevan a cabo día a día. Hoy mostramos nuestra solidaridad y sentir con todas las personas que, de forma directa o indirecta, son víctimas de una lacra enraizada en lo más profundo de nuestra sociedad.*

*Una sociedad que, a sus 40 años de democracia, aún no ha sido capaz de alcanzar la igualdad real entre hombres y mujeres, reclama dejar de ser valiente, para empezar a ser libre.*

*Cuando se cuentan por miles las víctimas que sufren cada día el quebranto de la mayor violación de los Derechos Humanos, las Entidades locales reafirmamos nuestra repulsa ante cada una de las manifestaciones machistas, por inofensivas que parezcan, así como nuestra condena absoluta a las agresiones y los asesinatos que fracturan la paz en nuestros territorios.*

*Nos ponemos al lado de quienes suplican y reclaman, desde la desesperación, estrategias de sensibilización y prevención, atención, asesoramiento, acompañamiento y protección, siempre desde perspectivas integrales, que las liberen de la amenaza y del horror y hacemos un llamamiento para que seamos capaces de avanzar en el cumplimiento del Pacto de Estado en materia de violencia de género, hoja de ruta obligada y compromiso ineludible con la ciudadanía.*

*Los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares reunidos en la FEMP reafirmamos nuestro compromiso para seguir impulsando políticas que garanticen los derechos de las mujeres y de los menores con el objetivo de conseguir una sociedad libre de miedo y para ello:*

- *Invitamos a todas las Entidades Locales a adherirse a esta Declaración y nos sumamos a todas las voces que reclaman el fin de la violencia de género, obstáculo insalvable en el camino hacia una sociedad en la que hombres y mujeres vivan en libertad e igualdad real.*
- *Exigimos la aplicación de las medidas previstas en el Pacto de Estado contra la violencia de género, por ser el resultado del máximo consenso político y técnico, itinerario inherente a la construcción de una sociedad madura y autónoma.*
- *Recordamos que el asesinato es la última manifestación atroz de la violencia de género pero que comienza mucho antes, escondiéndose detrás de hechos sociales*

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**




*aceptados y fundamentados en creencias y comportamientos con base estructural y cultural; situaciones, todas ellas, que alimentan una desigualdad real entre mujeres y hombres que se traslada en una relación de subordinación y subsidiariedad de unas respecto a unos y que fractura la convivencia y la paz de una sociedad que clama por un futuro sin miedo.*

- *Reconocemos los avances que las administraciones venimos realizando en pro de la sensibilización de quienes continúan instalados en estereotipos desfasados y arcaicos y nos complace ser testigos del incremento de voces que llaman y exigen el fin de una sinrazón que se ha cobrado incontables vidas.*
- *Destacamos la necesidad de educar en igualdad y dirigimos la mirada hacia las generaciones futuras; es vital desterrar los roles sexuales y erradicar las actitudes y comportamientos normalizados y consentidos que, instalados en la vida diaria, reproducen y perpetúan la desigualdad, origen de la violencia de género. Esta es una responsabilidad conjunta y por tanto, la solución debe ser compartida.*
- *Agradecemos la solidaridad de todas esas personas anónimas que muestran sus condolencias y acompañan los minutos de silencio y fijamos la mirada en quienes, además, se esfuerzan por debilitar la multitud de microviolencias invisibles y sistemáticas que sustentan relaciones basadas en el trato desigual.*
- *Reafirmamos nuestro compromiso con los derechos fundamentales de la infancia y ponemos de manifiesto, nuevamente, nuestra repulsa y preocupación por el aumento de menores asesinados a manos de sus padres como instrumento de control y de poder sobre las mujeres.*
- *Nos comprometemos a implementar todas las medidas de coordinación interadministrativa para proteger, defender y liberar a las mujeres y menores víctimas de la violencia de género.”*

Polo exposto, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade de todos os membros asistentes á sesión, **adoptá** o seguinte **acordo**:

- Manifestala adhesión da Deputación Provincial de Ourense á declaración feita pola Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) con motivo, o día 25 de



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



novembro de 2018, do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

**3.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS “PAZOLANDIA”.**- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Especial de Contas e de Facenda e Economía para a fixación de prezos públicos “Pazolandia”, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

**Primeiro.**- Establece-lo seguinte prezo público para a entrada ó parque de atraccións para nenos “Pazolandia”: *4,00 € (IVE incluído) para o público en xeral, e 3,00 € (IVE incluído) para as persoas que accedan en viaxes promovidas polos concellos da provincia.*

**Segundo.**- Nos restantes aspectos non previstos neste acordo, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación de tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense (*BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014*).


**4.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA OU-0703 TRIVES-CHANDREXA, N.º 110/POS/2018, NO MUNICIPIO DA POBRA DE TRIVES.**- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urgente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da Lei de estradas de Galicia.

Predio	Polig.	Parc	Refer. catastral	Propietario	Cualificación	Dominio
326	35	41	32064A03500041	- ROSARIO ÁLVAREZ MERINO	CASTIÑEIRA	207,95
327	35	40	32064A03500040	- JESÚS PÉREZ VILLARINO	MATAGUEIRA	576,68
336	35	45	32064A03500045	- ELISA FERNÁNDEZ	PRADOS	182,90
337	35	46	32064A035000460000	- HROS. MANUEL ÁLVAREZ MACÍAS	PRADOS	90,82
338	35	50	32064A035000500000	- HROS. PABLO PÉREZ FERNÁNDEZ	PRADOS	28,47

3º.- Publicar e notificarles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

  
**Serie A N.º 2790318**

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL AMIGOS DA ROMARÍA DA SAÍNZA.**- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 12.500 euros a favor da Asociación Socio-Cultural Amigos da Romaría da Saínza, para a festa da Saínza 2017.

Unha vez vista a documentación presentada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Asociación Socio-Cultural Amigos da Romaría da Saínza, nos seguintes termos:

**-Importe:** 12.500 €.

**-Obxecto:** festa da Saínza 2017.

**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.


**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018

**6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á DIOCESE DE OURENSE.** - No Pleno de data 29 de xuño de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 336.11/789.03, a cantidade de 8.000 euros a favor da Diocese de Ourense, para campás de San Pedro de Laroá, no termo municipal de Xinzo de Limia.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

**-Importe:** 8.000 euros.

**-Obxecto:** campás de San Pedro de Laroá, no termo municipal de Xinzo de Limia.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social. Así como licenza de obra concedida polo Concello de Xinzo de Limia e, autorización ou informe favorable da obra da Dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.


Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018

**7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á COMUNIDAD DE MONTES EN MANO**

**COMÚN DE ÁBEDES.**- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 924.12/789.03, a cantidade de 60.000 euros a favor da Asociación de Veciños de Ábedes, para o local social.

Posteriormente, no Pleno de data 28 de setembro de 2018, aprobouse o expediente 4/2018 de modificación das bases de execución do actual orzamento, acordándose o cambio de beneficiario, quedando a favor da Comunidad de Montes en Mano Común de Ábedes.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención á Comunidad de Montes en Mano Común de Ábedes, do termo municipal de Verín, nos seguintes termos:

-**Importe:** 60.000,00 euros.

-**Obxecto:** Local social.

-**Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, así como licenza de obra concedida polo concello pertinente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas

facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018

**8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONSELLO REGULADOR**  
**DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI.**- No Pleno, con data 29 de setembro de

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 43141/79001, unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor do Consello Regulador Denominación de Orixén Monterrei, para a nova sede.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Consello Regulador Denominación de Orixén Monterrei, nos seguintes termos:

**-Importe:** 20.000,00 euros.

**-Obxecto:** adquisición de local para sede da entidade.

**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberá achegar o certificado ao que fai referencia o artigo 30, apartado 5 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co estipulado no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, advírtese ao beneficiario, que deberá destinar o ben adquirido ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un período mínimo de cinco anos.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.


Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018

**9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO CARBALLIÑO.**- No Pleno, con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2018, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 48.000 euros, a favor do Concello do Carballiño, para Proxecto Medioambiental-Criadeiro de Troitas (Canle Ictioxénica do Carballiño).

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello do Carballiño, nos seguintes termos:

**-Importe:** 48.000 euros.

  
**Serie A N.º 2790318**

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



**-Obxecto:** Proxecto Medioambiental-Criadeiro de Troitas (Canle Ictioxénica do Carballiño).

**-Condicóns específicas:** a concesión da subvención queda condicionada á obtención por parte do concello beneficiario das autorizacións sectoriais esixibles, para a realización do proxecto subvencionado. O cumprimento das ditas condicións deberá acreditarse coa xustificación da subvención, e a falta de constatación deste extremo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou, de ser o caso, ao correspondente expediente de reintegro.

**-Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que o Concello do Carballiño dispón, á data da emisión desta certificación, das correspondentes autorizacións sectoriais esixibles, para levar a cabo o Proxecto Medioambiental-Criadeiro de Troitas (Canle Ictioxénica do Carballiño).
- 2.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 4.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 5.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 6.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 7.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318



**10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA MERCA.**- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 39.181,84 euros a favor do Concello da Merca, para mellora de accesibilidade mediante dotación de ascensor na casa do concello.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Merca, nos seguintes termos:

**-Importe:** 39.181,84 euros.

**-Obxecto:** mellora de accesibilidade mediante dotación de ascensor na Casa do Concello.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



accions subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018.

**11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PIÑOR.**- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/462.16, a cantidade de 12.000.000 euros a favor do Concello de Piñor, para Rally Mix.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello de Piñor, nos seguintes termos:**

**-Importe:** 12.000 euros.

**-Obxecto:** celebración do Rally Mix 2018.

**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018.


**12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RAÍRIZ DE VEIGA.**- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 334.20/462.12, a cantidade de 12.500 euros a favor do Concello de Vilar de Santos, para a festa da Saínza.

Posteriormente, no Pleno con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de beneficiario da dita subvención, a favor do Concello de Raíriz de Veiga, con cargo á aplicación 334.20/462.00.

Unha vez vista a documentación presentada pola alcadesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Raíriz de Veiga, nos seguintes termos:

**-Importe:** 12.500 euros.

**-Obxecto:** Festa da Saínza 2018.

  
**Serie A N.º 2790318**

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**




- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018.

**13.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2019.** - Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2019, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto:**

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións, por parte da Deputación Provincial de Ourense, destinadas a clubs deportivos da provincia de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, coa finalidade de financiar parcialmente os gastos derivados da súa participación na competición deportiva durante a temporda 2018-2019.

**Segunda.- Beneficiarios:**

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases os clubs deportivos que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia.
- Ter o seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro deportivo oficial da Xunta de Galicia.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



c) Participar, na temporda 2018/2019 en competicións oficiais, calquera que sexa o seu ámbito, convocadas polas súas respectivas federacións.

d) Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta. Para os clubs que compitan en disciplinas individuais establecécese como requisito básico posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición.

2. Non poderán ser beneficiarios os clubs que só participen en ligas ou competicións locais ou comarcas, ou exclusivamente no deporte escolar ou ligas de empresas.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48201 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, tráitándose con carácter anticipado a convocatoria ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación a esta convocatoria as seguintes regras especiais:

1ª) Esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2019, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nestas bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de catrocentos mil euros (400.000,00 €).

3ª) No expediente de gasto que se tramite, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2019, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

As subvencións terán unha contía máxima de 24.000,00 euros por cada beneficiario.

**Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:****Quinta 1. Lugar e forma de presentación:**

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (norma que se mantén vixente de conformidade co establecido na Disposición Derrogatoria única, apartado 2, parágrafo último, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>


**Quinta 2. Prazo de presentación:**

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 15 de xaneiro de 2019, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

**Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:**

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requisitar a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

- a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.
- a.2) Estatutos sociais do club.
- a.3) Certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) e o certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia (apartado a.3) cando este documentos xa obrase en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflecten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.4) Poder co que actúe o representante do club, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento do seu nomeamento ou elección.

a.5) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.6) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



a.7) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado a.7) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente publicándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web da Deputación, e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8<sup>a</sup> e 12<sup>a</sup>, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o CIF da entidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

**b) Documentación obligatoria para a valoración da solicitude:**

É obligatorio cubrir completamente todos os anexos oficiais da convocatoria, excluíndose da valoración aqueles apartados dos anexos que non veñan cumplimentados.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

1. Ficha de avaliación da estrutura e incidencia social da entidade, segundo o modelo recollido no anexo V destas bases (deberá presentarse unha ficha por cada disciplina ou modalidade deportiva, no caso de desenvolverse máis dunha).

2. Ficha de avaliación da situación económica da entidade e custos da actividade, segundo o modelo recollido no anexo VI destas bases, incluíndo, dunha parte, os datos da última liquidación oficial do club, que recolla con exactitude o resultado das operacións realizadas e que reflecta a imaxe fiel da súa actividade económica, e doutra parte, o orzamento da presente temporda 2018/2019. Tamén deberán cumprimentarse as follas cos gastos por quilometraxes realizados durante a pasada temporda 2017-2018 e, se procede, a seguinte folla de previsión de incrementos para a temporda actual. O anexo VI deberá ir asinado, en todas as súas follas, polo presidente e o tesoureiro do club solicitante.

3. Ficha de avaliación do nivel da competición (unha ficha por cada modalidade deportiva, se é o caso) segundo o modelo recollido no anexo VII destas bases. A esta ficha unirase obrigatoriamente o calendario ou calendarios da competición da temporda 2018/2019. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non coñezan o seu calendario de competición, deberán acompañar o da última temporda deportiva ou a previsión razoada da configuración do calendario da temporda 2018-2019. Para as entidades de disciplinas individuais tamén deberán cumprimentar folla coa relación nominal de previsión de participación en competicións oficiais, na presente temporda, dos seus principais deportistas.

4. Certificado do número de licenzas expedido pola federación galega da disciplina deportiva correspondente, acreditativo do número de licenzas federadas por categorías do club solicitante na temporda 2018/2019, así como do número de licenzas da modalidade deportiva na provincia de Ourense e no conxunto da comunidade autónoma na mesma temporda, segundo o modelo recollido no anexo VIII. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non comezarán a súa temporda deportiva, deberán acompañar certificado co número de licenzas da última temporda.

**Quinta 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:**

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, a fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos, procedéndose do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior.

**Quinta 5: Regras de presentación telemática da documentación esixible:**


Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII e IX que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obligatorio, non obstante, cubrir o anexo IV, pero en caso de non presentarse non se formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Deberán ademais imprimir o anexo VIII para que sexa cuberto, asinado e selado polo secretario da federación deportiva correspondente. Este documento, en unión dos estatutos sociais e o poder do representante, deberá dixitalizarse e xuntarse á solicitude.

No caso do anexo VIII, será igualmente válido que presenten o documento electrónico do dito anexo emitido e asinado ou selado electronicamente pola federación.

c) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acredutivo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



DEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Quinta 6: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:**

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

**Sexta.- Gastos subvencionables:**

Consideraranse gastos subvencionables os derivados da participación do club en competición deportiva oficial durante a temporda 2018-2019, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

**Sétima.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude:**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei Orgánica 5/1999, de 13 de decembro, de Protección dos Datos de Carácter Persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu Presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es)

Serie A N.º 2790318


**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: [DPO@depourense.es](mailto:DPO@depourense.es)

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan únicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.depourense.es](http://www.depourense.es) as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas se manterán durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo governo, previo expediente contraditorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de se-lo caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamiento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamiento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituir un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfis persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

**Oitava.- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitíránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo IX destas bases, que estará igualmente dispoñible na sede electrónica da Deputación.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requerimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

clubs deportivos de Ourense para o ano 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacóns previstas na base 5<sup>a</sup> apartado, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose únicamente na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.


4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacóns previstas na base 5<sup>a</sup>, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose únicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10<sup>a</sup>.

**Novena.- Comisión de valoración:**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado de facenda.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



- Vogais:
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia, designado pola Presidencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

**Décima.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:**

1. Para efectuar a valoración teranse en conta as seguintes regras:

a) É obligatorio cubrir todos os anexos oficiais da convocatoria , de xeito que, se algunha folla non viñera cuberta, non será valorada. Nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

b) A Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude.

c) Así mesmo, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

d) Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederán subvencións por importe superior á contía pedida na solicitude.

2. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os catro indicadores xerais seguintes:



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

- a) Estrutura do Club: ata 120 puntos.
- b) Situación económica da entidade: ata 80 puntos
- c) Nivel da competición: ata 60 puntos
- d) Incidencia social: ata 40 puntos.

**a) Estrutura do Club :**Este indicador avaliará a configuración e estrutura da entidade, a partir de datos obxectivos, como son o número de equipos con actividade, número de licenzas, apoio ao deporte de formación, feminino e cadre de técnicos.

**a.1- Número total de licenzas federadas en competición da entidade,** dando maior puntuación canto maior sexa o número de licenzas. (*Ata 40 puntos*)

**a.2- Número total de licenzas na provincia da súa modalidade deportiva:** Este apartado establece a relación entre licenzas da disciplina deportiva na provincia e o número de licenzas da entidade. Daráselle a maior puntuación ao club que posúa maior número de licenzas en relación aos totais da provincia. (*Ata 10 puntos*)

**a.3-Número de deportistas en categoría feminina,** dándolle maior puntuación aos clubs que teñan maior número de deportistas femininas. (*Ata 20 puntos*)

**a.4- Número de equipos e categorías do club con especial referencia aos de categorías de base (inferior a senior ou absoluta)** para valorar a súa estrutura de club de formación, dando maior puntuación cantes máis equipos de base posúa e canto máis cubertas estean todas as categorías. (*Ata 30 puntos*)

**a.5- Entidades con dúas ou más disciplinas ou modalidades deportivas,** para recoñecer o esforzo por diversificar a oferta deportiva, primando os que posúan máis equipos. (*Ata 10 puntos*)

**a.6- Cualificación do cadre técnico do club,** dando maior puntuación pola maior cualificación técnica. (*Ata 10 puntos*)

**b) Situación económica da entidade:** Este indicador avaliará a situación económica da entidade resultado do análise dos gastos de quilometraxe, orzamentos e liquidación . (*Ata 80 puntos*)

**b.1- Gastos de quilometraxe do club por temporda deportiva, en competicións oficiais,** por constituir un dos indicativos más relevantes da programación dun club e un dos

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

custos más significativos nos seus orzamentos, dando maior puntuación canto maiores sexan os gastos. (*Ata 40 puntos*)

**b.2- Xestión económica da entidade solicitante:** valorarase a racionalidade e eficiencia da xestión económica do club, resultante do exame dos seus orzamentos para a temporda 2018-2019 e da súa última liquidación, tendo en conta o esforzo económico realizado, entendéndose como tal, a maior consecución de recursos non públicos (tales como cotas de socios ou patrocinios privados). (*Ata 40 puntos*)

**c) Nivel da competición:** Este indicador avaliará o ámbito xeográfico da competición e a categoría na que participe o club, dando maior puntuación canto más importante sexa a competición. (*Ata 40 puntos*)

No caso de que un club teña máis dun equipo en categoría diferente, poderáselle outorgar unha puntuación adicional de ata **20 puntos**.

**d) Incidencia social :** Neste apartado terase en conta a singular importancia dun club no fomento, desenvolvemento e influencia da práctica deportiva nunha comarca, municipio ou barrio concreto: valorarase a singular importancia que un club poida ter na realidade da práctica deportiva nun ámbito territorial específico, primando a aqueles que posúan unha especial significación social por constituir a única ou principal canle para a práctica dunha determinada disciplina deportiva nunha concreta zona do territorio. Tamén terase en consideración a antigüidade do club e aqueles que manteñan algunha iniciativa deportiva con  persoas discapacitadas, ben sexa porque son entidades de disciplinas con discapacitados ou, sen que o sexan, manteñan algunha forma de participación na integración deste colectivo. (*Ata 40 puntos*).

2. Unha vez coñecidas as puntuacións resultantes, procederase á clasificar as entidades admitidas e baremadas en catro grandes grupos, en función da incidencia recíproca que teñen entre si os tres indicadores xerais:

- **Grupo I de competición nacional.** Neste grupo deberán integrarse aqueles clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nun ámbito xeográfico que estende a maior parte da competición durante a temporda a toda España.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

- **Grupo II de competición autonómica-nacional, mixto.** Os clubs que realizan a súa competición compartida entre a Comunidade Autónoma e o resto do Estado, poderán ter acollida neste grupo.

- **Grupo III de competición autonómica.** Os que disputen a súa competición regularmente no marco da Comunidade Autónoma.

- **Grupo IV de competición provincial .** Neste grupo integraranse as entidades deportivas que disputen competicións puntuais a nivel autonómico e/o competicións regulares a nivel provincial.

Para os efectos da correcta interpretación da clasificación precedente, a Comisión de Valoración deberá ter en conta, ademais do indicado, as seguintes consideracións:

- No momento de integrar a un club en calquera dos catro grupos indicados, deberá ter especial estimación o reflectido no anexo VII “gastos por “quilometraxes” por constituir un dos principais indicadores obxectivos do ámbito territorial dunha entidade deportiva.

- Outro dos parámetros que definen o indicado ámbito será a rigorosa análise da globalidade do calendario de competición. A participación illada dun equipo ou componentes dun club, nunha determinada competición, non deberá garantir automaticamente a incorporación a un grupo determinado.

**Undécima.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318



proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

**Décimo segunda.- Publicidade da concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2019, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018****Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web do club deportivo.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

**Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:**

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

A relación de gastos e ingresos deberá referirse ao gasto e ingreso total efectuado pola entidade beneficiaria durante o período subvencionable.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) \* Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

  
 EL NUMERADO  
 IRPORAÇÕES  
 LOCAIS

obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

\* Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal, duplicado ou copia simple.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificarase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificador de pago a través de entidade bancaria e, no seu caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluirase a xustificación por non cumplir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de arbitraxes, achegarase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

Ademais, os desprazamentos xustificados mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, comidas/ceas etcétera, que non se xustifiquen como dietas, xustificados mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se adxunta o correspondente ticket.

- No caso de desprazamento colectivo do club con medios propios, deberá presentarse unha certificación do secretario do club, co visto e prace do presidente, acreditativa do gasto realizado, con indicación da data e lugar de desprazamento.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

- No caso de gastos de persoal, as nóminas, deberán acompañarse dos documentos de cotización ante a Seguridade Social, o modelo 111 de retencíons e ingresos a conta de IRPF e o modelo 190, de ser o caso, de retencíons e ingresos a conta do IRPF correspondentes ao período obxecto de subvención.

Os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacíons ao respecto.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. No caso de non acreditarse a realización de gasto corrente por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento do club reflectido na ficha de avaliación económica da entidade, que serviu de base para a concesión da subvención, esta reducirase proporcionalmente.

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento do club presentado coa ficha de avaliación da situación económica da entidade, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requerimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións aos clubs deportivos de Ourense para o ano 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándosele únicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestiós que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 31 de outubro de 2019. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base) así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

10. Como regra xeral, as subvencións seránle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado.

Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirse fianza solidaria prestada por dúas ou más persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

11. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

**Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

**Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se concederan a través de procedementos de concorrencia competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

**Décimo séptima.- Reintegro e perda do dereito á subvención:**

A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederáse á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluirán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

**Décimo oitava.- Normativa aplicable:**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.**

**14.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA AS COPAS DEPUTACIÓN 2019.**- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2019, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto:**

1.- O programa de Copas Deputación, cun forte arraigamento e tradición na nosa provincia, canaliza as axudas ao deporte de competición federado para garantir a continuidade de determinadas competicións deportivas amateur que, en moitos casos,

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318

constitúen a única actividade regulada que se organiza na provincia para determinadas disciplinas deportivas.


O obxecto destas bases é a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a desenvolver, prioritariamente, nunha ou varias xornadas, competicións deportivas que baixo a denominación de Copas Deputación se desenvolvan integralmente na provincia de Ourense durante a presente temporada deportiva 2018-2019.

Por tal motivo, non poderá existir máis dunha Copa Deputación por modalidade deportiva, entendendo o concepto de modalidade como cada un dos grupos nos que se divide unha disciplina deportiva. Por exemplo, dentro da disciplina da “natación”, as modalidades deportivas serían natación, sincronizada, waterpolo, saltos e augas abertas. Noutro exemplo, a federación de Judo e disciplinas asociadas, as modalidades poderían ser Judo, Jiu-Jitsu, Wu-shu , Ai-kido, Defensa persoal e Kendo.

Pola contra, pode existir unha Copa Deputación de Atletismo pero non de probas como maratón, marcha, lonxitude, pértega, etcétera.

A determinación de incluír unha nova Copa Deputación dunha modalidade deportiva concreta, virá determinada pola decisión razoada da Comisión de Valoración prevista na base séptima, no suposto de necesidade de interpretación dos criterios fixados nos parágrafos anteriores.

2.- Quedan excluídas desta convocatoria as Copas Deputación de Fútbol e Fútbol Sala, xa que, dado o seu arraigamento e dimensión nesta provincia, será obxecto de financiamento a través dunha subvención nominativa nos termos que estableza o Pleno da Deputación.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



3.- A concesión das subvencións previstas nesta convocatoria queda suxeita á condición de que por parte da entidade organizadora da Copa Deputación se invite, por escrito, a participar na dita competición a todos os clubs da provincia integrados na correspondente federación. A dita invitación deberá enviarse coa antelación suficiente para que os clubs participantes poidan organizarse debidamente. Para a xustificación da subvención, deberá acreditarse o cumprimento desta condición nos termos previstos na base 10ª.

**Segunda.- Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarias deste programa as federacións deportivas galegas, a través das súas respectivas delegacións na provincia de Ourense. Se a sede social da federación galega estivese radicada na nosa provincia, ou se esta carecese de delegación en Ourense, poderá realizar a solicitude a propia federación galega, directamente. Igualmente, as federacións poderán encomendarlle a organización da Copa Deputación a unha entidade deportiva domiciliada na provincia de Ourense, sendo esta última a que, neste caso, presente a solicitude. En todo caso soamente se admitirá unha solicitude por cada Copa Deputación.

Para estes efectos, as federacións só poderán autorizar a unha única entidade deportiva para facer a solicitude.

Nos supostos en que, non obstante o anterior, varias entidades deportivas dunha mesma modalidade acreditasen ante a Deputación dispoñer da dita autorización, requirirase á federación para que determine cal é a única entidade autorizada.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias. Contía máxima destinada a estas subvencións.**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48208 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, tráitándose con carácter anticipado a convocatoria ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación a esta convocatoria as seguintes regras especiais:



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



1ª) Esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2019, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nestas bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de setenta e nove mil euros (79.000,00 €).

3ª) No expediente de gasto que se tramite, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2019, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

**Cuarta.- Solicituds: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:**

**Cuarta 1. Lugar e forma de presentación:**

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (norma que se mantén vixente de conformidade co establecido na Disposición derogatoria única, apartado 2, parágrafo último, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións oúblicas).

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>

**Cuarta 2. Prazo de presentación:**

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



15 de xaneiro de 2019, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

**Cuarta. 3. Documentación que debe presentarse:**

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbihadas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:


a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditarase mediante documento que acredite o seu nomeamento ou elección.

a.4) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar o organismo ou entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



- a.5) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo modelo anexo III.
- a.6) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.
- a.7) No caso de entidades que actúen por encomenda ou delegación da correspondente federación deportiva, copia do acordo de encomenda ou delegación adoptado por esta última.

A presentación do documento sinalado no apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web da Deputación, e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7<sup>a</sup> e 11<sup>a</sup>, respectivamente.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) cando este documentos xa obrase en poder da Deputación por ter sido presentados en convocatorias anteriores, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o CIF da entidade dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

1.- Proxecto explicativo da actividade que se pretende, comprensiva, cando menos, da seguinte información, conforme ao modelo recollido no anexo V.

- a) Resumo da actividade para realizar, con indicación de datas e lugares de celebración.
- b) Número de deportistas, clubs e categorías, que participarán na actividade, con indicación expresa dos que son de categorías de base e femininos. Tamén no anexo V, no apartado 2.2, deberán consignarse os clubs e deportistas que participaron nas edicións das Copas Deputación de 2017 e 2018.
- c) Se procedese, indicación das xornadas que se desenvolverán nos distintos municipios da provincia e a posible colaboración, se existise, dos seus concellos.
- d) Para facilitar o coñecemento do arraigamento social e deportivo da disciplina, deberá proporcionarse antigüidade da súa Copa Deputación.

2.- Certificación da federación deportiva competente que acredite o número de licenzas federativas na totalidade da Comunidade Autónoma e na provincia de Ourense, con indicación de sexo e categorías, segundo anexo VI.

**Cuarta 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:**

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia

*[Signature]*

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, a fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos, procedéndose do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior.

**Cuarta 5: Regras de presentación telemática da documentación esixible:**


Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II, III, IV e V que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo IV , pero en caso de non presentarse non se formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Deberán ademais imprimir o anexo VI para que sexa cuberto, asinado e selado polo secretario da federación deportiva correspondente. Este documento, en unión dos estatutos sociais e o poder do representante, deberá dixitalizarse e xuntarse á solicitude.

No caso do anexo VI, será igualmente válido que presenten o documento electrónico do dito anexo emitido e asinado ou selado electronicamente pola federación.

c) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

**Cuarta 6: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:**

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

**Quinta.- Gastos subvencionables:**


Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, formen parte do desenvolvemento dunha competición deportiva como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitraxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou persoal da organización, carteis, servizos de seguridade e orde, servizos de atención sanitaria e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almorzos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal da organización, os honorarios profesionais por organización, premios en metálico ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

**Sexta.- Régime de protección dos datos achegados coa solicitude:**

- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 5/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitarle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas

  
**Serie A N.º 2790318**

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu Presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es)

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: [DPO@depourense.es](mailto:DPO@depourense.es)

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan únicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.depourense.es](http://www.depourense.es) as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318



d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo governo, previo expediente contraditorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de se-lo caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación odereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requeridos, ao constituir un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.


l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

**Sétima .- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VII destas bases.


 Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



EL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requerimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Diputación 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacóns previstas na base 4<sup>a</sup> apartado 3 a), non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose únicamente na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base oitava.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacóns previstas na base 5<sup>a</sup>, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose únicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

**Oitava.- Comisión de valoración:**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado de facenda.
- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.
- Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As actuacións da comisión documentaranse en acta, que será asinada polo Presidente e pola Secretaria.

**Novena.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións:**

1. Como criterios de concesión e de distribución da contía das subvencións, a comisión avaliadora aplicará cada un dos indicados nos bloques seguintes.

Os ditos criterios, conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. No caso do criterio relativo ao arraigamento social da disciplina na provincia (bloque 7º) as propias bases establecen as valoracións, determinadas en función dos datos dispoñibles na Deputación pola experiencia das Copas Deputación nos anos precedentes, agás no suposto de disciplinas que entren por vez primeira neste programa de subvención, suposto no que a Comisión de Valoración establecerá, de xeito motivado, a puntuación correspondente.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Bloque 1º: (Ata 25 puntos).

- Número de licenzas en vigor na provincia, nesta temporada, que se asignarán conforme unha escala de 1 a 25 puntos en función do número de licenzas.

Asignaranse cero puntos a aqueles solicitantes que non acheguen certificación do número de licenzas.

Bloque 2º: (Ata 15 puntos)

- Número de deportistas que participarán na actividade, distribuíndose os puntos conforme unha escala entre 1 e 15 puntos. Cando se fala de número de deportistas, a convocatoria estase a referir ó total de practicantes que participan na Copa Deputación, sen repetir a mesma persoa.

Bloque 3º: (Ata 10 puntos)

- Número de deportistas de categorías de base que participen na Copa, distribuíndose a puntuación conforme unha escala comprendida entre 1 e 10 puntos.

Bloque 4º: (Ata 10 puntos)

- Número de deportistas femininos que participen na actividade, distribuídos os puntos conforme unha escala entre 1 e 10 puntos.:

Bloque 5º: (Ata 10 puntos)

- Valoración número de xornadas : asignarase unha puntuación de 1 a 10 puntos, proporcional ó número de xornadas dos que conste a Copa Deputación tendo en consideración se son xornadas soltas ou competicións por sistema de liga.

Bloque 6º.- (Ata 10 puntos)

- **Valoración organizativa das diferentes Copas Deputación.**

A diferente tipoloxía de disciplinas deportivas que integran o programa de Copas Deputación, obriga a realizar unha consideración específica dos aspectos organizativas no relativo os gastos que se derivan do seu desenvolvemento. Parece claro que existen modalidades deportivas que pola súa propia natureza e configuración organizativa requiren dun esforzo económico diferente.

Por tal motivo, en función desa realidade, establecense puntuacións entre 1 e 10 puntos, encadrándose en algúns dos grupos seguintes:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318



EL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS

- a) Deportes ao aire libre con esixencias especiais** ( Sinalizáns, permisos, servizos médicos, persoal de apoio, gastos transporte equipamentos, seguros, etcétera)
- b) Deportes de sala con necesidades singulares maiores :** (Pavimentos especiais ou montaxes complexos)
- c) Deportes de sala con necesidades singulares menores**
- d) Deportes de sala e resto disciplinas sen necesidades específicas**

Bloque 7º.- (Ata 20 puntos)

- **Implantación e arraigamento social da disciplina na nosa provincia.**

Para a valoración deste apartado téñense en consideración os seguintes criterios:

- Antigüidade das respectivas Copas Deputación.
- Implantación e arraigo provincial das diferentes disciplinas deportivas.

-Progresión das diferentes modalidades deportivas ao longo dos anos no relativo ao incremento ou diminución do número de licenzas.

Da análise dos apartados anteriores estableceranse distintas puntuacións entre 1 e 20 puntos.


Para aquelas disciplinas deportivas de nova incorporación, a puntuación deste bloque será determinada pola Comisión de Valoración prevista na base séptima, de forma suficientemente motivada.

2. Para a valoración dos bloques 2º, 3º e 4º, a Comisión de Valoración terá en conta os datos de participación nas edicións 2016 e 2017 das Copas Deputación achegados polos solicitantes co proxecto explicativo previsto na base 4ª.3.b).1, no apartado b), inciso último. No suposto en que a estimación de participación na Copa 2018 se considere inxustificada ou de difícil cumprimento á vista dos datos das edicións anteriores, a comisión poderá axustar a valoración destes bloques á realidade dos datos de participación das edicións anteriores.

3. A Comisión de Valoración determinará a contía das subvencións para conceder en función da puntuación establecida, podendo establecer tramos de contía idéntica para todos os beneficiarios incluídos nunha determinada franxa de puntuación.

**Décima.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde


 Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumplimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumplindo os requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito disponible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

**Undécima.- Publicación do acordo de concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Diputación 2019, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacóns previstas na base 4<sup>a</sup> apartado 3a), realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

**Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na súa páxina web e na da federación deportiva correspondente.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

**Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:**

1. A subvención xustificarase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) \* Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

\* Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal, duplicado ou copia simple.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituirse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificarase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificador de pago a través de entidade bancaria e, no seu caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluirase a xustificación por non cumplir coas obrigas fiscais.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

- No caso de gastos de arbitraxes de actividades deportivas, achegarase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

Ademais, os desprazamentos xustificados mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, comidas/ceas etcétera, que non se xustifiquen como dietas, xustificados mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se adxunta o correspondente ticket.

Os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

H) Copia das invitacións cursadas aos correspondentes clubs e xustificantes da recepción destas.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**


en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conforme polo presidente da entidade.

4. Na xustificación da subvención non será de aplicación o previsto no artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, atendendo ao feito de que as subvencións se conceden para a realización dunha actividade sen consideración ao seu orzamento previo. En consecuencia, os beneficiarios poderán elaborar os orzamentos da actividade á vista da subvención concedida, bastando, para entendela correctamente xustificada, a presentación de xustificantes de gasto por contía equivalente á da subvención concedida, e sempre e cando os gastos xustificados non estean financiados con cargo a outra subvención pública, conforme ao disposto na base décimo cuarta.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requerimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4<sup>a</sup>, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándosele únicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestiós que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.


8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderán esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2019. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base cuarta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base) así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

**Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.



Serie A N.º 2790318



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

**Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto de ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

**Décimo sexta.- Reintegro ou perda do dereito á subvención**

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluirá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

**Décimo séptima.- Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

**2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a publicación do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.**

**15.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓN DAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS 2019.**

- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais 2019, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto e finalidade:**

O obxecto das subvencións reguladas nesta convocatoria é o financiamento parcial da realización de actividades escénicas e musicais con carácter público na provincia de Ourense, promovidas por persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade xurídica. Serán beneficiarios directos destas subvencións as persoas físicas ou xurídicas ou as agrupacións sen personalidade xurídica, domiciliadas fiscalmente na provincia de Ourense que, a instancias dos promotores, realicen as ditas actividades escénicas e musicais.

Estas bases regulan o procedemento e condicións para a concesión das ditas subvencións, establecendo os dereitos e obrigas dos beneficiarios e os mecanismos de control do seu cumprimento.

Ao tratarse de actividades de natureza artística, organizadas por promotores alleos á propia Deputación, considérase que non resulta conveniente establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a selección dos beneficiarios, ante a dificultade de obxectivar os criterios de selección e a conveniencia de respectar os criterios dos promotores das actuacións. Por tal motivo, e ao abeiro do disposto no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015) e no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese un procedemento de concorrencia pública, pero de carácter non competitivo, no que se seleccionarán ás persoas físicas e xurídicas ou agrupacións sen personalidade xurídica que reúnan os requisitos para ser beneficiarias das axudas. Unha vez seleccionadas, a condición



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

de beneficiario directo adquirirase en virtude da solicitude dun promotor para a realización dunha actuación, declarándose a dita condición de beneficiario directo caso por caso mediante resolución da Presidencia, coa aceptación previa do beneficiario directo da data e lugar de realización da actuación, nos termos previstos nestas bases.

Para os efectos sinalados no apartado anterior, delégase no deputado – delegado de Facenda o ejercicio da competencia de concesión de subvencións atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2.1 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense.

**Segunda.- Dereitos e obrigas dos beneficiarios:**

1. Terán a consideración de beneficiarios directos as persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade xurídica seleccionadas conforme co disposto nestas bases para a percepción de subvencións de fomento de actividades escénicas e musicais no exercicio 2019 e que, a pedimento dos promotores, realicen, tras a autorización previa da Presidencia, as actuacións artísticas solicitadas.

2. Son dereitos dos beneficiarios directos:

a) Percibir a subvención correspondente ás actividades efectivamente realizadas, na contía prevista na base 4<sup>a</sup>, que se liquidarán unha vez que se proceda á súa xustificación nos termos previstos na base 11<sup>a</sup>. O dito derecho refirese exclusivamente ás actuacións efectivamente realizadas, sen que poida esixirse a súa realización no caso de que non existan solicitudes de promotores para estas.

b) Ser reintegrados, o día da actuación e antes de que esta remate, en efectivo ou talón, os gastos de transporte, aloxamento e manutención causados polas actuacións escénicas ou musicais subvencionadas, ou ben percibir en especie as prestacións equivalentes, en ambos casos a cargo dos promotores das ditas actuacións.

c) Que lles sexa expedida, polo promotor, unha declaración responsable da realización da actuación.

d) Realizar as actuacións en instalacións axeitadas, dotadas, se é o caso, dos equipos de luz e son precisos para o desenvolvemento da actuación, e nas debidas condicións de seguridade e hixiene. No caso de choiva ou meteoroloxía adversa, a actuación realizarase, dentro do posible, nun local adecuado, ou dará lugar á suspensión da actuación acordando outra data se fose posible, facéndose cargo o promotor dos gastos ocasionados. Neste último

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

suposto, os beneficiarios terán dereito a percibir o importe da actuación efectivamente realizada.

e) Ser informados do lugar e data das actuacións que lles correspondan cunha antelación mínima de quince días naturais.

Así mesmo, o inicio da actuación nunca se realizará antes das dez da mañá e, de ser pola tarde, deberá ser mediante acordo previo entre o promotor e o beneficiario que corresponda.

No caso de pasacalles, estas terán unha duración máxima dunha hora, levándose a cabo polas vías principais e a un ritmo adecuado.

No caso de actuacións que sirvan de acompañamento musical a procesións relixiosas ou actos análogos, a actuación terá a duración precisa para o seu desenvolvemento.

No caso de concertos, estes terán unha duración máxima dunha hora e media.

No caso de actuación de charangas, terán unha duración máxima de catro horas.

3. Son obrigas dos beneficiarios directos:

a) Realizar as actuacións que determine o deputado – delegado de Facenda, a solicitude dos promotores, nos lugares e datas indicados. En todo caso, entenderase que a actuación debe realizala a agrupación na súa integridade sen que esta poida dividirse en seccións para realizar distintas actuacións simultáneas.

O beneficiario directo únicamente poderá negarse a realizar a actuación cando se incumpra o prazo de información previa do lugar e data da actuación establecido no apartado 2 e) desta base segunda, así como nos supostos de forma maior.

Nos supostos en que se neguen unha vez nun período de seis meses á realización da actuación solicitada por un promotor e sen motivo xustificado, o deputado – delegado de Facenda procederá a dálos de baixa, previo expediente contradictorio, neste concurso, coa prohibición de poder presentar solicitude como beneficiario directo durante o prazo dun ano.

b) As obrigas previstas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en particular, as previstas nos apartados a), c), d) e i)

c) Comunicarlle, por escrito, á Deputación Provincial, coa antelación suficiente, calquera circunstancia imprevista da que teña coñecemento e que poida afectarlle á execución das actividades subvencionadas.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

d) Comunicarlle, de xeito inmediato e por escrito, á Deputación Provincial calquera cambio no número de componentes dos grupos ou artistas intérprete, así como calquera outro cambio nos datos de identidade do grupo en cuestión.

e) Colocar, en lugar visible no escenario en que teña lugar a actuación, un cartel coa lenda “Actuación subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense”. No caso de que polas características do escenario fose imposible a colocación do dito cartel, deberá colocarse noutro lugar visible dentro do espazo en que teña lugar a actuación.

Non existirá a obriga da colocación do dito cartel nos casos das actuacións que non se realicen en escenarios ou locais pechados.

f) Documentar a aceptación da realización da actuación solicitada, de conformidade cos requisitos establecidos nestas bases, segundo o modelo anexo V.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420/48901 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019, tramitándose con carácter anticipado a convocatoria ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación a esta convocatoria as seguintes regras especiais:

1<sup>a</sup>) A actual convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2019, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nestas bases.

2<sup>a</sup>) A contía total máxima estimada é de cento vinte mil euros (120.000,00 €).

3<sup>a</sup>) No expediente de gasto que se tramite, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4<sup>a</sup>) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5<sup>a</sup>) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2019, unha vez que entre en vigor o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria será do 50% do custo total de cada actuación, determinado conforme ao establecido nesta base, correspondéndolle ao promotor da actuación o pago do 50% restante. Os custos totais para cada unha das actuacións son os seguintes:

Bandas de música: 900 € por cada actuación. No caso das bandas de música integradas por 26 ou máis membros, engadiranse 25 € por cada integrante da banda participante na actuación que exceda de 25, ata o límite máximo de cincuenta membros.

- Grupos de gaitas: (ata 5 compoñentes): 300 €.
- Bandas de gaitas: (máis de 5 compoñentes): 300 € más 25 € por cada compoñente que exceda de cinco, ata un tope de vinte e cinco membros.
- Charangas: Ata dez compoñentes: 500 €; máis de dez compoñentes: 650 €.
- Orfeóns e corais: 650 €.
- “Rondallas” e tunas: 650 €.
- Grupos de rock, folk, jazz, pop e similares: 900 €.
- Grupos de danza folclórica: 600 €.
- Grupos de teatro, magos, pallasos e malabares: 600 €.
- Outros: 600 €.

Para os efectos de determinar a contía das subvencións, consideraranse compoñentes dos grupos os artistas intérpretes que efectivamente participen na representación (músicos, cantores, actores, bailaríns, magos, pallasos, acróbatas, malabaristas e outros) así como os directores artísticos das respectivas agrupacións.

Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2019, podéndose solicitar a partir do dia seguinte ao da publicación da convocatoria deste concurso na Base de Datos Nacional de Subvencións ou no Boletín Oficial da Provincia.

**Quinta.- Requisitos dos beneficiarios directos:**

Poderán ser beneficiarios directos as persoas físicas ou xurídicas ou as agrupacións sen personalidade xurídica que reúnan os seguintes requisitos:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**



- Realizar actividades escénicas ou musicais, entendendo por tales as de bandas de música, bandas de gaita, agrupacións corais, tunas, orquestras ou grupos de música tradicional, folk, pop, rock, jazz ou clásica, grupos de teatro, grupos de danza tradicional galega, grupos de ballet clásico ou contemporáneo, solistas ou intérpretes, espectáculos de maxia, humor e calquera outra actividade análoga.

- Ter o seu domicilio na provincia de Ourense. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica entenderase cumprido este requisito cando a maioría dos seus integrantes teñan o seu domicilio na provincia. No caso de persoas xurídicas, entenderase cumprido este requisito cando teñan o domicilio fiscal na provincia de Ourense.

- Non atoparse incuso en ningún dos supostos previstos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

**Sexta.- Beneficiarios directos na convocatoria de 2019:**

Os beneficiarios directos que xa estean dados de alta como tales ao abeiro das bases da última convocatoria (ano 2018), incluiranse de oficio nesta convocatoria, non tendo a obriga de formular nova solicitude, agás no caso de que manifesten a vontade da súa exclusión ou se produciran modificacións nas circunstancias de feito ou de derecho determinantes da súa inclusión, suposto este último no que será preciso achegar o documento acreditativo da variación producida.

**Sétima.- Solicitudes de alta como beneficiario directo: lugar, forma de presentación, prazo de presentación e documentación:**

**Sétima 1. Lugar e forma de presentación:**

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (norma que se mantén vixente de conformidade co establecido na



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Disposición derogatoria única, apartado 2, parágrafo último, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>

**Sétima. 2. Prazo de presentación:**

O prazo de presentación de solicitudes para alta como beneficiario directo manterase aberto a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o 20 de decembro de 2019, podendo formularse solicitudes ata a dita data, que terá carácter improrrogable.

**Sétima. 3. Documentación que debe presentarse:**

A documentación que debe presentarse, segundo o tipo de solicitante (persoa física, persoa xurídica ou agrupación sen personalidade xurídicas) é a seguinte:

**A) Persoas físicas:**

1. Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense (Sección de Subvencións - Negociado de Subvencións Nominativas), segundo o modelo anexo I publicado nestas bases, na páxina web da Sección de Subvencións e na sede electrónica da Deputación.

2. Poder de representación, no caso de que a persoa física actúe a través de representante. O poder de representación deberá consistir nunha autorización escrita, asinada pola persoa física solicitante, na que se autorice expresamente ao seu representante, identificado polos seu nome, apelidos e DNI ou documento equivalente, para formular a solicitude no seu nome.

3. Declaración responsable, subscrita pola persoa física ou polo seu representante, comprensiva do feito de non atoparse incuso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións. Para a dita declaración poderá empregarse o modelo oficial publicado como anexo III.

4. Certificación do número de conta da persoa física solicitante expedida pola entidade financeira correspondente. Non se admitirá para estes efectos a certificación do número de conta do representante.

5. Memoria, asinada polo solicitante ou o seu representante, co seguinte contido mínimo:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Serie A N.º 2790318



- a) Descripción das actividades que realiza e currículo.
- b) Indicación do número máximo de actuacións que o solicitante estaría disposto a realizar no período 2019, ao abeiro desta convocatoria.
- c) Indicación dos requisitos mínimos esixidos para desenvolver as actuacións (características das instalacións requiridas, necesidade de equipos de luz e son, e calquera outra que deba ser achegada polas entidades promotoras das actuacións ás que se refire a base 10<sup>a</sup>).

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen a seguinte documentación:

- DNI ou documento equivalente de acreditación da súa identidade.
- Certificado de empadroamento nun municipio da provincia de Ourense.

A Deputación comprobará de oficio a información correspondente a estes documentos a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Para estos efectos, presumirase que o solicitante dá o seu consentimento para a realización desta consulta, conforme ao citado artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar coa solicitude o seu DNI ou documento equivalente e o certificado de empadroamento nun municipio da provincia, expedido en data posterior á da publicación da convocatoria. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

**B) Persoas xurídicas:**

1. Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense (Sección de Subvencións - Negociado de Subvencións Nominativas), segundo o modelo anexo I

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

publicado nestas bases, na páxina web da Sección de Subvencións e na sede electrónica da Deputación. 2. Poder do representante da persoa xurídica.

3. Declaración responsable, subscrita polo representante da persoa xurídica, comprensiva do feito de que nin esta nin os seus administradores ou representantes se atopan incursos nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións. Para a dita declaración poderá empregarse o modelo oficial publicado como anexo III.

4. Certificación do número de conta da persoa xurídica solicitante, expedida pola entidade financeira correspondente. Non se admitirá para estes efectos a certificación do número de conta do representante.

5. Memoria, asinada polo representante legal, co seguinte contido mínimo:

a) Descripción das actividades que realiza e currículo do grupo ou conxunto e dos seus integrantes, con indicación do número destes.

b) Indicación do número máximo de actuacións que o solicitante estaría disposto a realizar no período 2019, ao abeiro desta convocatoria.

c) Indicación dos requisitos mínimos esixidos para desenvolver as actuacións (características das instalacións requiridas, necesidade de equipos de luz e son, e calquera outra que deba ser achegada polas entidades promotoras das actuacións ás que se refire a base 10<sup>a</sup>).

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen a seguinte documentación:

- CIF da persoa xurídica solicitante.
- DNI ou documento equivalente de acreditación da identidade persoal do representante ou representantes.
- Inscrición no rexistro oficial correspondente.
- Estatutos sociais

A Deputación comprobará de oficio a información correspondente a estes documentos a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Para estes efectos, presumirase que o solicitante dá o seu consentimento para a

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

realización desta consulta, conforme ao citado artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar coa solicitude os seguintes documentos:

- CIF da persoa xurídica solicitante.
- DNI ou documento equivalente de acreditación da identidade persoal do representante ou representantes.
- Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente.
- Estatutos sociais inscritos no rexistro oficial correspondente.

A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

#### **C) Agrupacións sen personalidade xurídica:**

1. Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense (Sección de Subvencións - Negociado de Subvencións Nominativas), segundo o modelo anexo I publicado nestas bases, na páxina web da Sección de Subvencións e na sede electrónica da Deputación.

2. Documento asinado por todos os integrantes da agrupación, onde se declare a existencia da agrupación, a identidade dos seus integrantes e a designación dun representante ou apoderado único, con poderes bastantes para cumplir as obrigas derivadas das bases desta convocatoria de subvencións que, como beneficiaria, lle corresponderán á agrupación. O importe da subvención libraráselle integralmente ao representante ou apoderado. Esta declaración deberá realizarse no modelo oficial publicado como anexo II das bases, disponible na páxina web da Sección de Subvencións e na sede electrónica da Deputación.

3. Declaración responsable, asinada polo representante da agrupación, comprensiva do feito de non atoparse incursa esta nin os seus integrantes nas prohibicións recollidas no

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

artigo 13 da Lei xeral de subvencións. Para a dita declaración poderá empregarse o modelo oficial publicado como anexo III.

4. Certificación do número de conta do representante ou apoderado expedida pola entidade financeira correspondente.

5. Memoria, asinada polo representante ou apoderado, co seguinte contido mínimo:

a) Descripción das actividades que realiza e currículo da agrupación e dos seus integrantes, con indicación do número destes.

b) Indicación do número máximo de actuacións que o solicitante estaría disposto a realizar no período 2019, ao abeiro desta convocatoria.

c) Indicación dos requisitos mínimos esixidos para desenvolver as actuacións (características das instalacións requiridas, necesidade de equipos de luz e son, e calquera outra que deba ser achegada polas entidades promotoras das actuacións ás que se refire a base 10<sup>a</sup>).

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen a seguinte documentación:

- DNI ou documento equivalente de acreditación da identidade persoal dos integrantes da agrupación.
- Certificado de empadroamento da maioría dos integrantes da agrupación nun municipio da provincia de Ourense.

A Deputación comprobará de oficio a información correspondente a estes documentos a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Para estes efectos, presumirase que o solicitante dá o seu consentimento para a realización desta consulta, conforme ao citado artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar coa solicitude os seguintes documentos:

- DNI ou documento equivalente dos integrantes da agrupación.
- Certificado de empadroamento nun municipio da provincia da maioría dos integrantes da agrupación, expedido en data posterior á da publicación da convocatoria.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

**D) Inexistencia da obriga de presentación de orixinais:**

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, se admitirá a presentación de copias.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requisitar a exhibición do documento ou información orixinal.

**Sétima 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:**

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránse no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, a fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018****Sétima 5: Regras de presentación telemática da documentación esixible:**

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

- a) En primeiro lugar, deberán proceder a cubrir a solicitude e os anexos I e III (así como o anexo II no caso de solicitudes de agrupacións sen personalidade xurídica) que estarán dispoñibles na sede electrónica.
- b) En segundo lugar, deberán proceder a dixitalizar e incorporar á solicitude o resto de documentación esixible.
- c) En terceiro lugar, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Oitava.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fundase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei Orgánica 5/1999, de 13 de decembro, de Protección dos Datos de Carácter Persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu Presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es)

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: [DPO@depourense.es](mailto:DPO@depourense.es)

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan únicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.depourense.es](http://www.depourense.es) as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas se manterán durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de se-lo caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.


k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requeridos, ao constituir un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

**Novena.- Procedemento de alta dos beneficiarios directos:**

A medida que se vaian producindo as solicitudes, o Negociado de Subvencións Nominativas procederá a examinar a documentación presentada para o que se poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada e o seu axuste aos requisitos establecidos na convocatoria. Semanalmente, o Negociado de Subvencións Nominativas remitiralle ao deputado delegado de Facenda unha proposta de inclusión dos solicitantes como posibles beneficiarios das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais. Unha vez acordada aúa inclusión polo deputado delegado, os promotores poderán solicitar a realización de actuacións por parte dos artistas ou grupos artísticos seleccionados.

O deputado delegado de Facenda denegará a solicitude de inclusión nos supostos en que da documentación presentada se deduza que o solicitante incumple os requisitos establecidos na base 5<sup>a</sup>, así como naqueles casos en que se estime, razoadamente, que os


**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

requerimentos esixidos polos solicitantes para o desenvolvemento das actuacións exceden do habitual no tipo de espectáculo ou actividade de que se trate.

As resolucións de inclusión notificaránse os interesados e serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia. Ademais, a lista completa e actualizada dos posibles beneficiarios publicarase na páxina web da Deputación Provincial, e estará a disposición dos interesados no Negociado de Subvencións Nominativas, para a formulación das solicitudes de actuacións.

As resolucións de denegación notificaránse os interesados.

**Décima.- Solicitud e autorización de actuacións:**

1. Á vista dos artistas e grupos artísticos seleccionados, os promotores interesados poderán formular por escrito solicitudes para a realización de actuacións.

As solicitudes formularanse como mínimo cun mes de antelación á data prevista para que teñan lugar as actuacións solicitadas.

As solicitudes poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base séptima.1, de forma presencial ou telemática.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:


1º) Solicitud normalizada no modelo anexo IV, na que conste:

- Identificación do promotor.
- Identificación do artista ou grupo artístico cuxa actuación se solicita.
- Datas para as que se solicita a actuación ou actuacións.

- Compromiso expreso de asumir os gastos de transporte, aloxamento e manutención do artista ou grupo artístico, ou de realizar estas prestacións polos seus propios medios, nos termos previstos na base 10<sup>a</sup>.

2º) Xustificante bancario de ter ingresado o importe correspondente ao 50% do custo total da actuación subvencionable na conta bancaria número ES34 2080 5251 4431 1138 6113. No recibo de ingreso na conta, deberá figurar como terceiro que ingresa o promotor da actuación e no texto de ingreso (ou concepto), o nome do grupo do que solicita a actuación, de xeito claro e inequívoco.

3º) Poder de representación, no caso de que a solicitude se faga en nome e representación dunha persoa física ou xurídica.



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracíons públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen a seguinte documentación:

- DNI ou documento equivalente de acreditación da identidade do representante, así como do solicitante cando este sexa unha persoa física.
- CIF da persoa xurídica solicitante, de se – lo caso.

A Deputación comprobará de oficio a información correspondente a estes documentos a través das plataformas de intermediación de datos das administracíons públicas. Para estos efectos, presumirase que o solicitante dá o seu consentimento para a realización desta consulta, conforme ao citado artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracíons públicas.


Non obstante, no caso de que o solicitante se oponha expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar os documentos sinalados. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

Igualmente, no caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

Serán de aplicación a estas solicitudes as regras establecidas na base séptima para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación e anexos a que se refire esta base) así como a inexistencia de obriga de presentación de documentación orixinal.

2. As solicitudes serán resoltas polo deputado – delegado de Facenda, que autorizará a realización do gasto correspondente á subvención de cada actuación.

No suposto de concorrencia de varias solicitudes para a realización dunha actuación polo mesmo artista ou grupo artístico nunha mesma data ou cunha diferenza de menos de 14 horas entre actuacións en datas sucesivas, resolverase por estrita orde cronolóxica de solicitudes, concedéndolle a actuación á entidade que formulase antes a súa solicitude, podendo ofrecerlle ao solicitante posterior a actuación doutro artista ou grupo artístico de



**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

características similares á solicitada. Neste último suposto e no caso de rexeitamento, perderá o dereito á calquera outra actuación para a data solicitada.

**Undécima.- Obrigas dos promotores das actuacións subvencionadas.**

Os promotores das actuacións subvencionadas terán a condición de beneficiarios indirectos, e asumirán todas as obrigas legais que deriven da dita condición e do disposto nestas bases.

En particular, os promotores deben asumir as seguintes obrigas:

- O aboamento previo, no momento da solicitude, do 50% do importe total da actuación solicitada, sendo requisito indispensable para continuar coa tramitación da concesión da subvención.


No caso de que a actuación solicitada sexa denegada, o importe aboado seralle reintegrado ao solicitante na conta corrente que indique para o efecto.

- Gasto de transporte dos intérpretes. A prestación de transporte farase efectiva do seguinte xeito:

- a) No caso de que os intérpretes se despracen utilizando medios de transporte público, mediante o aboamento polo promotor do importe dos correspondentes billetes.

- b) No caso de que os intérpretes se despracen utilizando medios propios, aboarase o importe por quilómetro establecido para os desprazamentos de funcionarios públicos, así como os gastos de aparcadoiro. No caso de ter que utilizarse varios vehículos debido ao número de componentes do grupo, así como para o transporte dos instrumentos, vestiario ou elementos escénicos, aboarase o importe correspondente a cada vehículo utilizado. No caso de que se utilicen vehículos con capacidade para máis de sete persoas, incrementarase o importe da indemnización nun 20 % por cada praza de pasaxeiro adicional.

- Gastos de aloxamento: considerarase que a prestación de aloxamento é esixible nos casos en que as actuacións teñan lugar en horario nocturno e esixan un desprazamento dos beneficiarios superior a 150 km. Procederá esta prestación, igualmente, nos supostos en que non sexa posible realizar o transporte de volta ao remate da actuación. O promotor poderá cumplir esta obriga concertando directamente cun terceiro a prestación, ou ben aboándolle aos beneficiarios os gastos correspondentes, tras a previa presentación das facturas xustificativas. O emprego dunha ou doutra modalidade é facultade discrecional do promotor.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

- A prestación de manutención comprenderá o dereito a unha comida, así como ao almorzo, no caso de aloxamento. O promotor poderá cumplir esta obriga concertando directamente cun terceiro a prestación, ou ben aboándolle aos beneficiarios os gastos correspondentes, tras a previa presentación das facturas xustificativas. O emprego dunha ou doutra modalidade é facultade discrecional do promotor.

- Posta á disposición dos intérpretes das instalacións adecuadas, cos seus equipos de luz e son, nos casos nos que proceda, debendo, en xeral, desenvolverse as actuacións nun marco axeitado para realizar o seu cometido coa necesaria dignidade, sempre de acordo cos requisitos mínimos establecidos polos beneficiarios nas súas solicitudes.

Será igualmente por conta do promotor a contratación dos seguros que cubran, en caso de sinistro, os danos e perdas causados aos artistas ou intérpretes ou ao público asistente.

En todo caso, os gastos esixibles ao promotor deben ser sempre gastos cuxa necesidade poida ser razoablemente motivada, non podendo exceder dos usos e prácticas habituais no sector dos espectáculos públicos. En caso de discrepancias entre o promotor e o beneficiario directo, será a Presidencia da Deputación a que resolva con carácter executivo, a petición de calquera das partes. En caso de que as partes non cheguen a un acordo, a Presidencia poderá motivadamente anular a actuación ou ordenar a súa realización, segundo proceda. Neste último caso, o beneficiario estará obrigado a realizar a actuación, e a non realización será considerada un incumprimento destas bases, cos efectos previstos na cláusula 12ª.

**Décimo segunda.- Xustificación e pago das subvencións:**

1. Para o aboamento das subvencións é preciso que por parte do promotor, ou polo propio beneficiario directo se presente, unha vez realizada a actuación, a seguinte documentación:

- Declaración da realización da actuación, expedida polo promotor, segundo o anexo VI.

- Fotografía acreditativa da colocación do cartel coa lenda “Actuación subvencionada pola Deputación Provincial de Ourense”, se procedese.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

- Declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o beneficiario nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

2. Nos supostos de renuncia á actuación solicitada, sen causa xustificada, tanto sexa por parte do promotor ou do actuante, e tendo en conta a especialidade deste concurso, a dita renuncia deberá presentarse por escrito, ante a Deputación Provincial, cunha antelación mínima dunha semana, para poder comunicarollo á parte afectada.


No caso de incumprimento, cando este lle cause prexuízo ao promotor ou ao actuante, a Deputación Provincial poderá imponer a sanción correspondente conforme coa lexislación de subvencións aplicable.

3. A xustificación deberá presentarse unha vez realizada a actuación e, como máximo, antes do 30 de novembro de 2019. Non obstante o anterior, para as actuacións que se realicen no mes de decembro de 2019 admitirase a presentación da xustificación ata o 15 de xaneiro de 2020.

4. Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base séptima.1, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base séptima para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación e anexos a que se refire esta base) así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

5. A Deputación Provincial poderá realizar de oficio as comprobacións que considere oportunas para verificar a realidade das actuacións. En caso de incumprimento da obriga de colocación do cartel, establecida na base 2ª 3. e), a Deputación Provincial aplicará unha corrección financeira de ata un 20% do importe da subvención, tras o trámite previo do correspondente expediente con audiencia ao interesado.

O acto administrativo polo que se declare xustificada ou non xustificada a subvención notificaráselle ao interesado. O prazo de pago, no caso de subvencións xustificadas, será de trinta días naturais contados a partir do día seguinte a aquel no que se dite o devandito acto.



Serie A N.º 2790318

**Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de novembro de 2018**

**Décimo terceira.- Incumprimento dos beneficiarios:**

En caso de incumprimento dos beneficiarios, o deputado delegado de Facenda procederá, tras a audiencia previa do interesado, á declaración da perda do seu dereito á subvención correspondente, sen prexuízo da liquidación das subvencións pendentes de aboamento polas actuacións anteriores á resolución. Sen prexuízo desta declaración, a Deputación procederá a incoar o oportuno expediente sancionador, conforme co disposto na Lei xeral de subvencións. Advírtese que, en casos especialmente graves de incumprimento, a Deputación poderá declarar a perda do dereito a percibir subvencións da Deputación Provincial por un prazo de ata cinco anos, o que se determinará no propio acto que acorde a resolución.

**Décimo cuarta.- Normativa aplicable:**

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común.

**2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.**

**16.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se suscitaron.

**17.- COMUNICACIÓNES DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.

**18.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e tres de novembro do ano dous mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,**

**O VICESECRETARIO,**